

## NORMATIVA CAMPIONATO PROVINCIAL XOGADE

### CAMPO A TRAVÉS 2019-2020

O Servizo Provincial de Deportes de Pontevedra da Xunta de Galicia organiza esta competición destinada aos deportistas das Entidades participantes no programa XOGADE clasificadas para a fase provincial.

A finalidade desta actividade é a dinamización e promoción do Deporte Escolar mediante a participación inclusiva de todo o alumnado. Unha actividade que loita contra o sedentarismo e fomenta a igualdade de xénero, motivos polos cales este Servizo de Deportes xunto coas Agrupacións Deportivas Escolares deseñaron esta acción educativa, segundo esta normativa.

### NORMATIVA

**Art. 1.- Data e lugar.** Esta competición levarase a cabo o día **1 de febreiro de 2020** no **Parque de Castrelos (Vigo)**.

**Art. 2.- Categorías.** A proba está destinada ás seguintes categorías: **benxamíns** 2011 -2012 **alevíns** 2009-2010 **infantís** 2007-2008 e **cadetes** 2005-2006 nenos e nenas. As carreiras organizáranse por categorías e por sexo.

**Art. 3.- Mutualidade.** Poderán intervir aqueles deportistas das citadas categorías que estean dados de alta na modalidade de campo a través do programa XOGADE coa súa entidade.

**Art. 4.- Inscripcións.** A inscrición dos/as participantes rematará o día **28/01/2020 as 20:00 h.** e farase a través da plataforma de inscrición da RFEA (<https://isis.rfea.es>), aqueles que non teñan acceso a dita plataforma poderán empregar as follas de inscrición adxuntas enviando o documento Excel ao enderezo electrónico: **competicion@atletismo.gal**. Non se admitirá ningunha inscrición fóra do prazo oficial. Sobre as follas de inscrición:

- O campo "Dorsal" quedará baleiro para que a organización asigne o número correspondente.
- Os campos "Nome" e "Apelidos" deberá ir cuberto cos datos correspondentes a cada rapaz/a.
- No campo "Categoría" deberase indicar a categoría do rapaz/a coa inicial (Benxamín – B; Alevín – A; etc.) e o sexo (F para a categoría feminina e M para a masculina) indicando deste modo: BF, BM, AF, AM, IF, IM, CF e/ou CM.
- No campo "Entidade" indícase o nome do centro.

**Art. 5.- Horarios e distancias aproximadas.**

Hora	Categoría	Distancia	Percorrido
10:30	Cadete Fem	2500 m.	1 V. Azul + 2V. Rosa
10:50	Cadete Mas	2500 m.	1 V. Azul + 2V. Rosa
11:10	Infantil Fem	2000 m.	2V. Rosa
11:25	Infantil Mas	2000 m.	2V. Rosa
11:40	Alevín Fem	1500 m.	1 V. Azul + 1V. Rosa
11:55	Alevín Mas	1500 m.	1 V. Azul + 1V. Rosa
12:10	Benxamín Fem	1000 m.	1V. Rosa
12:25	Benxamín Mas	1000 m.	1V. Rosa

**Art. 6.- Dorsais.** Os/as participantes deberán facer uso do dorsal de forma totalmente visible, por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma terá coma consecuencia a ausencia do/a deportista nos resultados finais.

**Art. 7.- Resultados.** Realizarase unha clasificación individual segundo a orde de entrada en meta e outra por equipos en cada unha das categorías. Para a clasificación por equipos terase en conta os/as tres (en cadetes) ou catro (no resto de categorías) primeiros/as atletas que cheguen á meta de cada entidade, e sumaranse os postos destes tres/catro, sendo a entidade que menos sume a vencedora da proba. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtivese a mellor clasificación o/a último/a dos/das integrantes que puntúe. Aqueles equipos que non cheguen á meta cos 4 ou, se é o caso, 3 atletas dos que puntúan, non puntuarán como equipo.

**Art. 8.- Premios.** Entregaranse medallas aos 3 primeiros/as clasificados/as individuais.

**Art. 9.- Clasificación para o Campionato Galego.** En todas as categorías, clasificaranse os dous mellores equipos de cada categoría e sexo; e os/as oito primeiros/as clasificados/as individuais, independentemente da súa clasificación ou non coma membro dun equipo.

**Art. 10.- Desprazamentos.** No caso de precisar autobús, solicitalo, cunha antelación mínima de cinco días hábiles anteriores á data da proba no enderezo electrónico [transporte-xogade.pontevedra@xunta.es](mailto:transporte-xogade.pontevedra@xunta.es) Non será posible xestionar ningún transporte se a solicitude é posterior ao límite indicado.

**Art. 11.-** Todo o non disposto neste regulamento resolverase dacordo á normativa XOGADE ou, de ser o caso segundo o regulamento IAAF.

**Art. 12.-** *Circuíto.*

